

INSCRICIÓN E CONTROL DA CARREIRA

Os dereitos de inscrición para as categorías inferiores son gratuítos (de Pitufos a Sub 18). Na carreira absoluta (5300 m) cobrarase 3€ por participante.

Os datos necesarios para a inscrición son: nome e apelidos, NIF, sexo, data de nacemento, enderezo, concello de empadramento, teléfono móbil, teléfono fixo, correo electrónico e club. Tamén deberán sinalar se corre como independente ou federado, e neste caso facilitarase o número de licenza.

Hai que realizar a inscrición a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo:

www.carreirasgalegas.com

O control de tempos levarase a cabo dun xeito electrónico e supervisado polo Comité Galego de Xuíces e a FGA.

O último día para facer a inscrición será o xoves, día 18 de outubro ás 14:00 h. Excepcionalmente permitirase a inscrición no mesmo día da carreira, cun custo de 10€ participante.

Ante calquera dúbida relacionada coa inscrición da proba, chamar a 626 73 93 90.